



Don Roberto-Alfonso Fernández Lores, Don David Otero Domínguez, Dona Marta Besada Otero, Don Xosé Lois González Álvarez e Don Xosé Ricardo Domínguez Domínguez, **Concelleiros da Corporación Municipal e membros do grupo municipal do BNG** de Sanxenxo, no exercicio dos seus cargos, polo presente, ao abeiro do art. 10 b) dos Estatutos da Sociedade unipersoal de carácter privado do Ilmo. Concello de Sanxenxo, denominada “**Nauta Sanxenxo S.L.**”, solicitan a **convocatoria extraordinaria da Xunta Xeral** da sociedade en base ao seguinte:

Con data 10 de marzo pasado, o grupo municipal do BNG tivo coñecemento, a través da prensa, que o Consello da Xunta de Galiza decidiu non admitir a trámite a solicitude formulada polo Presidente da sociedade Nauta Sanxenxo, S.L. de revisión de oficio da sanción imposta a empresa Construcciones Davila Lago S.A. por unha infracción moi grave durante a construción do porto deportivo.

Así mesmo, e tamén a través da prensa, enterámonos de que o Consello de Administración da sociedade Nauta Sanxenxo, S.L., no mes de febreiro pasado, anunciou que levaría a cabo unha reestruturación do persoal con responsabilidade na sociedade.

Dada a transcendencia destes temas, pola relevancia económica que dos mesmos se desprende, instamos a convocatoria da Xunta Xeral extraordinaria, coa seguinte:

## **ORDE DO DIA**

1.- Que por parte do Presidente se informe a Xunta Xeral da situación actual que conleva o acordo do Consello da Xunta de Galiza de data 9 de marzo de 2006.

2.- Que igualmente polo Sr.Alcalde-Presidente se esclareza se a día de hoxe existe algunha outra situación anómala da que o Consello de Administración non dese conta a Xunta Xeral da sociedade.

3.- Que se informe a Xunta Xeral dos movementos de persoal (contratacións e ceses) con relación nominal, salarios e cargos dos mesmos.

4.- Que se de conta a Xunta Xeral dos criterios que se seguiron para a selección do novo persoal contratado.

Sanxenxo, 22 de marzo de 2006

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANXENXO**